

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2021/2022

PROGRAMA <b>Plan Proxecta: 35. Proxecto didáctico Antonio Fraguas</b>	SOLICITUDE <b>23966</b>	VERSIÓN <b>1</b>
--	----------------------------	---------------------

CENTRO IES Ramón Otero Pedrayo		CÓDIGO DO CENTRO 15005002
ENDEREZO Avenida Monelos 10 A		LOCALIDADE A Coruña
CÓDIGO POSTAL 15008	CONCELLO Coruña (A)	PROVINCIA Coruña (A)
TELÉFONO 881960960	ENDEREZO ELECTRÓNICO ies.otero.pedrayo.coruna@edu.xunta.gal	

### DIRECTOR/A:

NOME José Carlos	PRIMEIRO APELIDO Suárez	SEGUNDO APELIDO Vázquez	NIF .....
---------------------	----------------------------	----------------------------	--------------

### PROFESORADO

Nome	DNI	Participación	Especialidade
Juan Berná Pérez		Docente	Música
Ana Campos Rey		Docente	Francés
María de la Concepci Liñares da Costa		Persoa coordinadora	Lingua castelá e literatura
Susana Ferreira Varela		Docente	Xeografía e historia
Ánxeles Minguillón Díez		Docente	Lingua e literatura galega
María de la Fe Vega Madroñero		Docente	Lingua castelá e literatura
Cristina Beatriz del Rio Aguirre		Docente	Lingua castelá e literatura

### ALUMNADO

Ensinanza	Ciclo	Curso	Alumno	Alumna	Aulas
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	1º Ensinanza secundaria obrigatoria	60	56	5
Educación secundaria obrigatoria	Segundo ciclo de secundaria obrigatoria	3º Ensinanza secundaria obrigatoria	35	33	3

### TÍTULO

O museo do Otero

### INTRODUCCIÓN

O IES Ramón Otero Pedrayo é un centro público de ensino dependente da Xunta de Galicia situado no concello de A Coruña. Impártese ESO na quenda de diúrno.

A Coruña é unha das cidades máis poboadas de Galicia, é un municipio urbano de 230.000 habitantes e o alumnado do IES Ramón Otero Pedrayo ten unha procedencia heteroxénea, reflexo do concello onde se atopa. A maior parte do alumnado que temos no centro é de procedencia galega, pero tamén hai alumnado doutras etnias e doutras nacionalidades.

O Centro sitúase na Avenida de Monelos, incluído no núcleo de poboación o que facilita o acceso da comunidade educativa ás súas instalacións. Os alumnos proceden de diversas zonas da cidade: Monelos, Elviña, Mesoiro. ¿ Existe servizo de transporte escolar para os discentes que o precisen.

### OBXECTIVOS

Os obxectivos do plan didáctico Antonio Fraguas O museo do Otero son os seguintes:

- ¿ Facilitar ao alumnado unha aprendizaxe autónoma no proceso de investigación do seu patrimonio etnográfico, artístico, histórico e lingüístico.
- ¿ Achegar aos estudantes a riqueza do legado da súa contorna e motivar a valoración da mesma.
- ¿ Fomentar o emprego de métodos de investigación relacionados coas TICS nas súas pesquisas sobre o patrimonio histórico, etnográfico,

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2021/2022

PROGRAMA	SOLICITUDE	VERSIÓN
<b>Plan Proxecta: 35. Proxecto didáctico Antonio Fraguas</b>	<b>23966</b>	<b>1</b>

artístico e lingüístico e na creación de obras propias audiovisuais imitando o seu legado patrimonial.

¿ Establecer canles de comunicación interxeracionais entre os discentes e as súas familias e veciñanza a través dun proceso de recoñecemento cultural.

¿ Coñecer as semellanzas entre legados culturais de procedencia diversa: galego, hispanoamericano, europeo, africano... Reflexando a variedade etnográfica do noso alumnado.

¿ Propiciar o pensamento crítico entre os alumnos e alumnas acerca dos usos sociais que coñecemos a través da contemplación do patrimonio histórico e etnográfico.

¿ Favorecer a creatividade dos discentes a través da imitación de obras artísticas do seu patrimonio: musicais, escultóricas, pictóricas, arquitectónicas...

¿ Conservar o patrimonio lingüístico da lingua galega a través das diferentes pesquisas do seu legado e da contorna.

¿ Promover o uso da lingua galega entre o alumnado a través das diferentes actividades do proxecto, en colaboración co plan de Dinamización do EDLG e coa Biblioteca do centro.

¿ Crear un museo etnográfico durante o curso escolar 2021-22 coas aportacións dos alumnos e alumnas: patrimonio investigado, legados culturais, descubrimentos artísticos e creacións propias imitando o patrimonio da súa contorna.

### ORGANIZACIÓN

A organización do proxecto O museo do Otero levarase a cabo polo equipo encargado do proxecto, conformando un equipo multidisciplinar nas áreas de Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega, Lingua Castelá, Lingua Galega, Música, Plástica e Xeografía e Historia.

O equipo distribuirá a organización do proxecto por áreas de traballo, diferenciando tres grandes bloques:

¿ Traballo de investigación- Traballo de pesquisa do patrimonio, a través das TICS e tamén da relación interxeracional coas familias e veciñanza do alumnado.

¿ Traballo de conservación e fomento do patrimonio lingüístico e artístico- Praxe coas achegas lingüísticas e artísticas e divulgación das mesmas entre os discentes.

¿ Traballo de creación propia- Imitación do legado artístico-histórico e etnográfico-lingüístico con medios audiovisuais, literarios, musicais, pictóricos¿

O desenvolvemento do proxecto O museo do Otero abarcará o curso escolar 2021-22, os obxectivos deste plan didáctico integraranse nos currículos das materias de Lingua Castelá, Lingua Galega, Música, Plástica e Xeografía e Historia, realizándose a difusión do proxecto a través dos equipos de Biblioteca e EDLG. Se este curso é posible voltar ao programa de voluntariado da Biblioteca, os alumnos e alumnas colaboradores da Biblioteca tamén contribuirían á difusión do proxecto do centro.

Os diferentes bloques de traballo, especificados no apartado Organización, desenvolveranse nos tres trimestres escolares, adaptando as diferentes tarefas e actividades propostas tanto á dinámica da propia pesquisa dos estudantes como as diversas celebracións e conmemoracións ao longo do curso escolar: día contra a violencia de xénero, día da poesía, día do libro, día de Rosalía, etc.

A Metodoloxía a empregar para desenvolver o proxecto O museo do Otero pretende partir dos currículos das materias colaboradoras no proxecto e abrirse á investigación e creación coas TICS.

### AVALIACIÓN

A avaliación do noso proxecto centrarase en tres fases:

1. Avaliación inicial. Consistirá nunha serie de enquisas entregadas ao profesorado e ao alumnado participante no proxecto para comprobar o seu nivel de coñecemento do tema obxecto de estudo do proxecto: o legado patrimonial galego das súas familias e da súa contorna.

2. Avaliación no segundo trimestre. Temario para avaliar o seguimento do proxecto por parte de profesorado e alumnado participantes no proxecto. Cuestionario para todo o profesorado e o alumnado do centro educativo para avaliar a difusión do proxecto no centro.

3. Avaliación final. Realizaranse unha serie de enquisas e cuestionarios a toda a comunidade educativa (docentes, discentes e familias) para valorar as achegas obtidas polo proxecto, a súa difusión e valoración por cada un dos membros da comunidade educativa, promovendo en ditos temarios a reflexión crítica sobre o proxecto.

SINATURA DO/DA DIRECTOR/A E SELO DO CENTRO

Coruña (A), 15 de setembro de 2021

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2021/2022

PROGRAMA <b>Plan Proxecta: 02. Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)</b>	SOLICITUDE <b>24525</b>	VERSIÓN <b>1</b>
---	----------------------------	---------------------

CENTRO IES Ramón Otero Pedrayo		CÓDIGO DO CENTRO 15005002
ENDEREZO Avenida Monelos 10 A		LOCALIDADE A Coruña
CÓDIGO POSTAL 15008	CONCELLO Coruña (A)	PROVINCIA Coruña (A)
TELÉFONO 881960960	ENDEREZO ELECTRÓNICO ies.otero.pedrayo.coruna@edu.xunta.gal	

### DIRECTOR/A:

NOME José Carlos	PRIMEIRO APELIDO Suárez	SEGUNDO APELIDO Vázquez	NIF
---------------------	----------------------------	----------------------------	-----

### ACTUACIÓN/S SOLICITADA/S

- Máis e mellor actividade física
- Móvet+
- PVDA
- XOGADE

### PROFESORADO

Nome	DNI	Participación	Especialidade
Alba Carregal Albella		Persoa coordinadora	Educación física
Sergio Núñez Varela		Docente	Bioloxía e xeoloxía
José Carlos Suárez Vázquez		Docente	Educación física
Maria Cillas Rodríguez Bernal		Docente	Debuxo
Ana Vanesa Rial Lopez		Docente	Educación física
Nuria Pallas Calviño		Docente	Bioloxía e xeoloxía

### ALUMNADO

Ensinanza	Ciclo	Curso	Alumno	Alumna	Aulas
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	1º Ensinanza secundaria obrigatoria	57	60	5
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	2º Ensinanza secundaria obrigatoria	50	51	4
Educación secundaria obrigatoria	Segundo ciclo de secundaria obrigatoria	3º Ensinanza secundaria obrigatoria	34	34	3
Educación secundaria obrigatoria	Segundo ciclo de secundaria obrigatoria	4º Ensinanza secundaria obrigatoria	32	33	3

### TÍTULO

Vida Activa e Deportiva en tempos da Covid

### INTRODUCCIÓN

O maior estudo realizado en relación ao peso da poboación mundial infantil e adolescente (5 a 19 anos de idade), elaborado pola OMS en 2016, concluíu que o número de nenos/as e adolescentes con obesidade multiplicouse por 10 nos últimos 40 anos, e os 2 últimos coa aparición da Covid-19 incrementouse este problema. Un dos picos de incidencia prodúcese durante a transición da educación primaria á secundaria, momento no cal diminúen de xeito significativo os hábitos físico-deportivos dos rapaces/as. Por este motivo a través da

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2021/2022

PROGRAMA <b>Plan Proxecta: 02. Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)</b>	SOLICITUDE <b>24525</b>	VERSIÓN <b>1</b>
---	----------------------------	---------------------

participación neste proxecto preténdese loitar contra o sedentarismo, o sobrepeso e a obesidade a través do incremento, dentro e fóra do horario lectivo, da carga real de actividade física que realiza o alumnado do centro educativo, ademais de crear conciencia da importancia do mantemento destes hábitos ó longo da súa vida.

### OBXECTIVOS

- Loitar contra a inactividade física e o sedentarismo, creando hábitos que perduren fóra do centro escolar e ao longo de toda a vida.
- Actuar o centro de dinamizador e promotor de hábitos de vida activa e saudable, colaborando con entidades do seu ámbito de influencia.
- Fomentar que as alumnas/os reciban información e asesoramento de como incorporar no seu día a día actividade físico-deportiva como hábito de vida saudable.
- Incrementar na estadía no centro do alumnado a práctica de actividade física de calidade.
- Integrar a filosofía do programa dentro do centro educativo.
- Dar a coñecer á comunidade educativa, a través da web do centro, todas as accións que se realizan no marco da participación neste programa.
- Utilizar novas tecnoloxías para o seguimento da saúde.
- Coñecer a cantidade mínima de exercicio físico que se debe realizar dentro de cada grupo de idade para levar unha vida activa e saudable.

### ORGANIZACIÓN

Na fase inicial farase unha análise dende o departamento de Educación Física, para establecer o punto de partida da comunidade educativa respecto a hábitos físico-deportivos do seguinte xeito:

- Fichas de autoavaliación sobre as actividades que o centro xa está a realizar na promoción de actividade físico-deportiva e hábitos de vida saudable.
- Instalacións e recursos dispoñibles.
- Test de condición física saudable.
- Cuestionarios de hábitos de actividade física diaria e semanal.

Na fase de desenvolvemento vaise organizar o traballo en dúas vías principais:

1. Desenvolvemento interdisciplinar con outros departamentos dos contidos curriculares comúns a través da actividade física. Tamén mediante campañas de promoción da AF e da saúde: traballos de investigación, organización de talleres sobre actividade física e saúde, hábitos nocivos e saudables, colocación de cartelería, conferencias / charlas sobre Actividade Física e saúde con expertos/as, etcétera.
2. Incremento da carga de actividade física lectiva e non lectiva do alumnado, tamén coa colaboración de varios departamentos didácticos: recreos e gardas activas, excursións/saídas onde se promove a actividade física e actividades no medio natural, participación en competicións deportivas como centro educativo dentro do programa, xornadas intercentros, etcétera.

A metodoloxía terá un carácter ecléctico, por medio dunha hibridación de modelos activos como son o aprendizaxe cooperativo, con actividades nas que todos traballamos por un ben común; a responsabilidade persoal e social, promovendo o respecto, a participación, o esforzo, a axuda ós demais e a autonomía; o estilo actitudinal que pretende que todo o alumnado teña experiencias positivas sen excepción e dende a inclusión; o modelo ludotécnico que permite integrar os contidos nun contexto de diversión e disfrute; a educación para a saúde, dándolle unha dimensión máis global á mesma, outorgando relevancia ó ámbito social e afectivo, etcétera.

### AVALIACIÓN

Na fase final do proxecto farase unha análise de varios aspectos:

- Grao de motivación e sensibilización do alumnado pola incorporación de hábitos de vida activa e consumo de actividade física e exercicio físico no seu día a día: realización de enquisas de satisfacción e cuestionarios de hábitos de actividade física diaria e semanal.
- Fichas de autoavaliación sobre as actividades que o centro incorporou como novas no presente curso escolar na promoción de actividade físico-deportiva e hábitos de vida saudable.
- Optimización das instalacións e recursos dispoñibles para a promoción dun estilo de vida activa e saudable.
- Test de condición física saudable final.

Cos resultados farase unha valoración do grao de desenvolvemento obtido de actividades dentro do horario lectivo e non lectivo dos/as alumnos/as para a promoción de adquisición de hábitos de vida activa e saudable.

SINATURA DO/DA DIRECTOR/A E SELO DO CENTRO

Coruña (A), 24 de setembro de 2021

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa